



ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE XÉNERO NO CONCELLO DE BARBADÁS

ÍNDICE:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.....

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Art. 1 – Obxecto

Art. 2 – Obxectivo

Art. 3 – Ámbito de aplicación

Art. 4 – Principios básicos e principios instrumentais

CAPÍTULO II. Representación política e composición de órganos municipais

Art. 5 – Representación ou composición equilibrada

Art. 6 – Órganos afectados

CAPÍTULO III. O Servizo de Igualdade

Art. 7 – Creación

Art. 8 – Adscrición, persoal especializado e colaboración

Art. 10 – Funcións específicas

CAPÍTULO IV. Impulso, xestión e coordinación da política municipal de igualdade

Art. 11 – Impulso da igualdade

Art. 12 – Participación interinstitucional

CAPÍTULO V. Formación de capacitación do persoal ó servizo da administración municipal

Art. 13. Formación e capacitación para a igualdade

Art. 14. Medidas

CAPÍTULO VI. Participación na vida política e cívica. O Consello Municipal para a Igualdade

Art. 15 – Participación das mulleres

Art. 16 – Creación do Consello Municipal para a Igualdade

Art. 17 – Composición, competencias e réxime de funcionamento

Art. 18 – Subvencións ó fomento da participación

CAPÍTULO VII. O Plan de Igualdade

Art. 19 – Definición

Art. 20 – Áreas de intervención e medidas de consideración específica

Art. 21 – Elaboración, seguimento e control

Art. 22 – Aprobación

Art. 23 – Programas anuais de actuación

CAPÍTULO VIII. Estudos e estatísticas municipais

Art. 24 – Adecuación das estatísticas e estudos

Art. 25 – Adxudicación de estudos e estatísticas

CAPÍTULO IX. Orzamentos con perspectiva de xénero

Art. 26 – Disposición xeral.

CAPÍTULO X. Uso non sexista da linguaxe e eliminación de estereotipos

Art. 27 – Disposición xeral

Art. 28 – Asesoramento

Art. 29 – Medidas

CAPÍTULO XI. Igualdade no emprego e conciliación da vida persoas, familiar e laboral do persoal municipal

Art. 30 – Disposición xeral

Art. 31 – Ámbitos e medidas

CAPÍTULO XII. Concursos e contratos públicos



Concello de Barbadás

Art. 32 – Disposición xeral

CAPÍTULO XIII. Concesión de subvencións

Art. 33 – Prohibición

Art. 34 – Condicións

CAPÍTULO XIV. Medios de comunicación

Art. 35 – Disposición xeral.

CAPÍTULO XV. Servizos sociais, coidados e corresponsabilidade

Art. 36 – Disposición xeral

Art. 37 – Actuacións

CAPÍTULO XVI. Coeducación e dereitos sexuais

Art. 38 – Coeducación

Art. 39 – Respecto á opción sexual e a diversidade da identidade de xénero

CAPÍTULO XVII. Emprego e desenvolvemento local equitativo

Art. 40 – Emprego e actividade económica

CAPÍTULO XVIII. Deporte, saúde, cultura e medio ambiente

Art. 41 – Práctica deportiva e hábitos saudables

Art. 42 – Saúde

Art. 43 – Cultura

Art. 44 – Memoria local

Art. 45 – Medio ambiente

CAPÍTULO XIX. Violencia contra as mulleres

Art. 46 – Concepto

Art. 47 – Marco xeral de actuación e marco lexislativo

Art. 48 – Adaptación das medidas: o protocolo de actuación municipal

Art. 49 – Investigación

Art. 50 – Prevención e sensibilización

Art. 51 – Formación

Art. 52 – Dereito das vítimas a unha atención integral e coordinada

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

DISPOSICIÓN FINAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Barbadás, a través da Concellería de Igualdade, quere seguir avanzando a favor da igualdade real entre homes e mulleres coa posta en marcha da Ordenanza municipal para a promoción da igualdade de xénero. A necesidade de combater a discriminación contra as mulleres, un fenómeno estrutural e universal ao que o noso municipio non é alleo e que supón un lastre para o seu desenvolvemento social, económico e humano. Neste sentido, a administración local xoga un papel esencial nesta materia, na medida na que o concello, na súa dimensión territorial é o espazo no que se materializa a desigualdade e porque na súa dimensión organizativa, é o organismo público máis próximo a este problema social e ás persoas afectadas, as veciñas e veciños de Barbadás.



Concello de Barbadás

A realidade da desigualdade entre mulleres e homes recibe o máximo tratamento xurídico internacional na Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller, aprobada pola ONU en 1979 e ratificada polo estado español en 1983.

Por outra banda, a igualdade de mulleres e homes é un principio fundamental da Unión Europea, dende a entrada en vigor do Tratado de Amsterdam, o 1 de maio de 1999, de maneira que son obxectivo de todas as políticas e accións da Unión e dos seus membros a igualdade entre mulleres e homes e a eliminación das desigualdades entre unhas e outros.

A nivel estatal, o artigo 14 da Constitución proclama o dereito á igualdade e a non discriminación por razón de sexo e o artigo 9.2, pola súa banda, obriga aos poderes públicos a promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexa real e efectiva. O dereito á igualdade atópase recollido na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Nesta lei orgánica, no que se refire ás entidades locais, establece a integración do dereito á igualdade no exercicio das súas competencias e a colaboración a tal efecto co resto das administracións públicas.

No noso contexto máis próximo, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, Lei do parlamento de Galicia para a igualdade de mulleres e homes, a consecución da igualdade queda instaurada como un obxectivo estratéxico prioritario para todos os poderes e administracións públicas.

Toda esta normativa, configúrase como un importante estímulo para levar a cabo políticas municipais e actuacións máis incisivas de cara a eliminar o fenómeno da desigualdade entre mulleres e homes. Neste sentido nace a Ordenanza para a promoción da igualdade de xénero do concello de Barbadás, como o documento normativo básico para a intervención do goberno municipal nesta materia. Documento que proba a importancia que se lle outorga a dita temática ao atribuírlle vocación de permanencia na axenda municipal e que implica, así mesmo, unha visión do local como o espazo clave para o desenvolvemento da igualdade, incompatible coa discriminación que hoxe en día sofren as mulleres, tamén en Barbadás.

A ordenanza está estruturada en 19 capítulos. No primeiro abórdanse cuestións xerais como o obxecto, obxectivo, ámbito de aplicación e principios. Dende o capítulo 2 ata o 13, regúlanse estruturas e medidas dirixidas fundamentalmente a integrar a perspectiva de xénero na actuación municipal. Dos capítulos 14 ao 18, inclúense medidas dirixidas a promover a igualdade nos diferentes ámbitos sectoriais de intervención como medios de comunicación, servizos sociais, educación, emprego e actividade económica, deporte, saúde, cultura e medio ambiente. Finalmente, no capítulo 19 abórdase a violencia contra as mulleres como o maior expoñente da desigualdade entre homes e mulleres.

CAPITULO I – DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

Esta Ordenanza ten por obxecto establecer o réxime xurídico da igualdade de mulleres e homes a nivel municipal, de conformidade coas competencias municipais nesta materia e no marco das normativas internacionais, europea, estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia. Para isto, pártese do recoñecemento de que a discriminación contra as mulleres é un fenómeno universal de carácter subordinante, estrutural e sistémico.

Artigo 2. Obxectivo

O obxectivo xeral desta Ordenanza á acadar a igualdade de mulleres e homes a nivel municipal eliminando toda forma de discriminación contra as mulleres. Para isto,



Concello de Barbadás

ademais de facer público o seu compromiso coa igualdade, o goberno municipal implicará ás demais institucións públicas e políticas, así como ás organizacións privadas e da sociedade civil.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

1. Esta Ordenanza será de aplicación á administración local e aos organismos e entidades públicas dependentes ou vinculados a ela.
2. Tamén será de aplicación ás entidades privadas nas cuestións que ao longo da ordenanza se establezan e especialmente a aquelas entidades privadas que subscriban contratos ou convenios de colaboración co concello, ou que se beneficien de axudas ou subvencións concedidas polo mesmo.

Artigo 4. Principios básicos e principios instrumentais

1. Os principios de igualdade e transversalidade de xénero que rexen e orientan a actuación da administración municipal nesta ordenanza coinciden cos que, segundo o artigo 6 da Lei do parlamento de Galicia 7/2004, do 16 de xullo, Lei galega para a igualdade de homes e mulleres, deben rexer e orientar a actuación de todos os poderes públicos galegos en materia de igualdade de mulleres e homes: a igualdade de trato, a igualdade de oportunidades, o respecto á diversidade e a diferenza, a integración da perspectiva de xénero, a acción positiva, a eliminación de roles e estereotipos en función do xénero, a representación equilibrada e a coordinación e colaboración.
2. A interpretación e execución dos principios mencionados no parágrafo anterior efectuarase de conformidade coas definicións que deles se recollen nos artigos 14 e 15 da Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

CAPÍTULO II – REPRESENTACIÓN POLÍTICA E COMPOSICIÓN EQUILIBRADA DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS

Artigo 5. Representación ou composición equilibrada

Entenderase por representación ou composición equilibrada aquela situación que garanta a presenza de mulleres e homes de xeito que, no conxunto ao que se refira, as persoas de cada xénero non superen o sesenta por cento nin sexan menos do corenta por cento.

Artigo 6. Órganos afectados

A representación ou composición equilibrada afectará á constitución do goberno municipal que xurda tras as eleccións, debéndose promover tamén dito equilibrio na composición de comisións, cargos de libre designación, composición de xurados, tribunais de selección, consellos municipais e demais órganos de participación.

CAPÍTULO III – O SERVIZO DE IGUALDADE

Artigo 7. Creación

O concello adaptará a súa estrutura á creación dun servizo de igualdade que, entre outras funcións, impulsará a integración da perspectiva de xénero na política e actuacións municipais, e asesorará ás demais áreas neste tema sempre que se lle requira.

Artigo 8. Adscrición, persoal especializado e colaboración

O servizo de igualdade estará adscrito á Concellería de Igualdade e estará dotado en todo caso de persoal con capacitación específica en igualdade e prestará colaboración o resto do persoal municipal.



Artigo 9. Funcións xerais

O servizo de igualdade encargarase do impulso, programación e asesoramento da actuación municipal en materia de igualdade entre mulleres e homes e, en particular, no previsto nesta Ordenanza. Igualmente, xunto co resto de servizos municipais, colaborará na tarefa avaliadora cando se considere necesario.

Artigo 10. Funcións específicas

- a) Deseño, planificación, seguimento e avaliación de programas en materia de igualdade.
- b) Deseño e impulso de medidas específicas de acción positiva.
- c) Asesoramento ós demais departamentos en materia de igualdade entre homes e mulleres e impulso á incorporación da perspectiva de xénero en todas as políticas, programas e actuacións municipais.
- d) Intervención na promoción da formación e orientación laboral das mulleres.
- e) Elaboración de propostas para a creación de servizos específicos, programas e recursos tendentes a garantir a igualdade de mulleres e homes.
- f) Identificación das posibles situacións de discriminación existentes no concello e impulso de medidas para a súa erradicación.
- g) Deseño de traballos de campo e de recollida de datos para a avaliación da situación municipal en materia de igualdade.
- h) Detección de posibles ámbitos de violencia de xénero, homofóbica, transfóbica e impulso de medidas para a súa prevención, con especial atención á infancia e adolescencia.
- i) Sensibilización á cidadanía residente no ámbito municipal sobre a situación de desigualdade de mulleres e homes e sobre as medidas necesarias para promover a igualdade real.
- j) Posta en marcha de medidas conducentes á participación e implicación dos homes no desenvolvemento da igualdade.
- k) Deseño de estratexias tendentes á xeración de novos modelos de feminidade e masculinidade implicados na promoción de valores e actitudes xeradoras dunha cultura de igualdade que fagan do concello un espazo compartido, inclusivo e habitable para todas as persoas.
- l) Impulso para a creación de vínculos con aqueles organismos e entidades dedicadas á educación, formación e socialización de persoas, por consideralos especialmente capacitados para a promoción e impulso de novos valores, modelos e referentes máis igualitarios.
- m) Impulso e elaboración de medidas ou actividades específicas que permitan a participación das mulleres nos distintos ámbitos locais de toma de decisión.
- n) Deseño e posta en marcha de medidas e estratexias que aseguren a visibilización e o recoñecemento do traballo realizado polas mulleres na historia do municipio, fomentando, de forma específica, a presenza das mulleres en distintos elementos destinados á conservación e difusión da memoria local (rueiro, monumentos, etc...).
- o) Interlocución con outras entidades, órganos e unidades competentes en materia de igualdade de mulleres e homes.
- p) Calquera outras no ámbito da súa competencia.

CAPÍTULO IV – IMPULSO, XETIÓN E COORDINACIÓN DA POLÍTICA MUNICIPAL DE IGUALDADE

Artigo 11. Impulso da igualdade

Sen prexuízo das funcións do Servizo de igualdade, todas as áreas do concello



deberán promover no seu ámbito de actuación a eliminación da discriminación e a promoción da igualdade de xénero.

Artigo 12. Participación interinstitucional

Co fin de impulsar a política municipal para a igualdade de xeito coordinado co resto de concellos e demais organismos públicos e privados, o goberno municipal fará os esforzos necesarios para manter os lazos e a presenza en redes xa constituídas, así como para promover a participación noutras redes e fórmulas de coordinación de futura creación.

CAPÍTULO V – FORMACIÓN E CAPACITACIÓN DO PERSOAL Ó SERVIZO DA AMINISTRACIÓN MUNICIPAL

Artigo 13. Formación e capacitación para a igualdade

1. Co fin de permitir a integración efectiva da perspectiva de xénero na actuación administrativa, o goberno municipal garantirá unha formación básica, progresiva e permanente do persoal en materia de igualdade de mulleres e homes.

2. O persoal técnico que vaia a ocupar prazas no Servizo de igualdade contará cunha capacitación específica en igualdade. Esta capacitación será preferentemente universitaria ou, en calquera caso, cun grao similar de preparación.

3. Contidos relativos ao principio de igualdade e a súa aplicación á actividade administrativa serán esixidos nos temarios dos procesos de selección para o acceso ao emprego municipal.

Artigo 14. Medidas

Co obxecto de posibilitar o establecido no apartado primeiro do artigo anterior, o goberno local, asesorado polo Servizo de igualdade, adoptará, polo menos, as seguintes medidas:

- Efectuar diagnósticos sobre o nivel de formación en materia de igualdade do persoal ao seu servizo así como sobre o grao de sensibilización das persoas con responsabilidade política.
- Elaborar e executar, a partires da diagnose, plans de formación para o persoal e plans de sensibilización para as persoas con responsabilidade política.
- Adaptar os horarios do persoal e valorar o tempo invertido por este na súa formación en materia de igualdade.

CAPÍTULO VI – PARTICIPACIÓN NA VIDA POLÍTICA E CÍVICA. O CONSELLO MUNICIPAL PARA A IGUALDADE

Artigo 15. Participación das mulleres

1. As mulleres e os homes do concello teñen dereito a participar en igualdade no goberno e na vida local.

2. O concello comprométese a diagnosticar e afondar no estado da participación local das mulleres para coñecer as causas e motivacións que habitualmente limitan a súa participación nas cuestións locais.

3. Así mesmo, o concello, a través do Servizo de igualdade, traballará na busca de fórmulas que removan os obstáculos para garantir a participación das mulleres de forma individual ou colectiva, incluíndo, se procederan, aspectos relacionados coa posta en marcha de medidas que contribúan a adecuar os procesos de participación ás súas necesidades prácticas e intereses.

Artigo 16. Creación do Consello Municipal para a Igualdade

Co fin de posibilitar, facilitar e garantir a participación en igualdade de mulleres e homes no goberno e na vida pública municipal, crearase o Consello Municipal para a Igualdade.



Artigo 17. Composición, competencias e réxime de funcionamento

A composición, competencias e réxime de funcionamento do Consello Municipal para a Igualdade serán aprobados polo Pleno a proposta do Servizo de Igualdade, garantíndose en todo caso a participación da administración local e das asociacións, organizacións ou grupos de mulleres con implantación no territorio municipal.

Artigo 18. Subvencións ó fomento da participación

Sen prexuízo da atribución de competencias ao Consello Municipal para a Igualdade contemplada no artigo anterior, e co fin de propiciar unha maior presenza, participación e recoñecemento das mulleres en todos os ámbitos da vida municipal, as solicitudes de subvencións que presenten asociacións e organizacións para actividades que favorezan tal incremento na presenza, participación e recoñecemento das mulleres terán carácter prioritario.

CAPÍTULO VII – O PLAN DE IGUALDADE

Artigo 19. Definición

O Plan de Igualdade é o documento no que se plasma periodicamente o desenvolvemento e a concreción da política municipal en materia de igualdade entre mulleres e homes.

Artigo 20. Áreas de intervención e medidas de consideración específicas

1. O Plan de igualdade desenvolverá medidas de actuación concretas en calquera das áreas de intervención para a igualdade previstas nesta ordenanza, así como en outras de posible interese.
2. Asemade, o Plan de Igualdade e os plans e programas concretos que poidan derivarse do mesmo, deberán prestar especial atención a variables como a idade, a orixe, a diversidade funcional ou a orientación sexual e contemplar as necesidades que de forma específica afectan aos distintos colectivos xerando situación de múltiple discriminación.

Artigo 21. Elaboración, seguimento e control

1. Será o Servizo de Igualdade quen deseñe e impulse o Plan de Igualdade, así como as tarefas encamiñadas ao seu seguimento e avaliación.
2. Á hora de fixar os obxectivos e eixos de actuación, o Plan de Igualdade, adecuarase ás directrices marcadas polos documentos de planificación aprobados polo organismo de igualdade da comunidade autónoma, sempre que ao facelo non se actúe en detrimento das necesidades e prioridades que en materia de igualdade entre homes e mulleres se detecten a nivel local .
3. O Plan de igualdade deberá ter como guía e orientación na definición dos seus contidos e medidas de actuación os contidos incluídos nesta Ordenanza.
4. A elaboración do Plan de Igualdade deberá ser froito dunha diagnose actualizada sobre a igualdade de mulleres e homes no concello que axudará e definir as prioridades dun xeito coherente coa política municipal, coas súas competencias e, á súa vez, coas necesidades, intereses e problemas detectados.
5. Unha vez establecidas as prioridades a través da diagnose, o Plan de Igualdade incluirá unha serie de compoñentes de planificación, entre os que figurarán, como mínimo, os seguintes: obxectivo xeral, obxectivos específicos, eixos estratéxicos, áreas de traballo e os programas a desenvolver en cada unha das áreas.
6. Para posibilitar o seu control, redactaranse memorias de seguimento ao longo do desenvolvemento do plan.
7. O concello de Barbadás, a través do Servizo de Igualdade, deseñará e impulsará algún tipo de proceso de participación que permita a implicación das mulleres e os



homes do municipio, ben de forma individual ou colectiva, na elaboración do Plan de Igualdade.

Artigo 22. Aprobación

Correspóndelle ao Pleno do Concello, por proposta do Servizo de Igualdade, a aprobación ou prórroga do Plan de Igualdade. A necesidade da prórroga deberá estar informada polo Servizo de Igualdade.

Artigo 23. Programas anuais de actuación

O Plan de Igualdade deberá conter programas de actuación de carácter anual, cuxa aprobación, en canto ao seu inicio e finalización, coincidirá co exercicio orzamentario.

CAPÍTULO VIII – ESTUDOS E ESTADÍSTICAS MUNICIPAIS

Artigo 24. Adecuación das estatísticas e estudos

O goberno local, no ámbito das súas competencias, deberá engadir sistematicamente as variables sexo e idade nas estatísticas, enquisas ou estudos que leve a cabo e deberá utilizar novos indicadores que posibiliten un mellor coñecemento das diferenzas de valores, papeis, situacións, condicións, aspiracións ou necesidades de mulleres e homes.

Artigo 25. Adxudicación de estudos e estatísticas

Cando os estudos e estatísticas municipais se leven a cabo mediante contrato de servizos, a empresa adxudicataria deberá aceptar o compromiso de cumprir cos deberes recollidos no artigo anterior.

CAPÍTULO IX – ORZAMENTOS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Artigo 26. Disposición xeral

1. O concello consignará e especificará anualmente nos seus orzamentos os recursos económicos destinados o exercicio das función e a execución das medidas previstas nesta Ordenanza, así como á promoción da igualdade de mulleres e homes en xeral.
2. Igualmente, no deseño, execución e avaliación das políticas de ingresos e gastos terá en conta as diferentes condicións, situacións e necesidades de mulleres e homes. A tal fin, promoverá a reflexión, o análise e a posta en marcha de iniciativas destinadas á elaboración dos orzamentos con perspectiva de xénero.

CAPÍTULO X – USO NON SEXISTA DA LINGUAXE E ELIMINACIÓN DE ESTEREOTIPOS

Artigo 27. Disposición xeral

1. O concello efectuará un uso non sexista de todo tipo de linguaxe nos documentos e soportes que produza directamente ou a través de terceiras persoas ou entidades.
2. Tamén evitará e previrá os prexuízos, prácticas e utilización de expresións verbais e imaxes fundadas sobre a idea de superioridade ou de inferioridade de un ou outro sexo, ou sobre os roles femininos e masculinos estereotipados. Para tal fin, realizará actividades e campañas destinadas a favorecer a concienciación en relación co papel contraproducente dos estereotipos de xénero na loita pola igualdade de mulleres e homes.

Artigo 28. Asesoramento

En relación á delimitación do que se entende por uso non sexista da linguaxe ou



utilización de estereotipos sexistas no concello, será o Servizo de Igualdade o encargado de asesorar ao respecto.

Artigo 29. Medidas

Co fin de fomentar o uso non sexista da linguaxe e de evitar actitudes e comportamentos estereotipados, o concello a iniciativa do Servizo de Igualdade, realizará campañas de concienciación, promoverá cursos de formación e facilitará asesoramento ás asociacións, organizacións e entidades municipais que o soliciten.

CAPÍTULO XI – IGUALDADE NO EMPREGO E CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL DO PERSOAL MUNICIPAL

Artigo 30. Disposición xeral

O concello recoñece para o seu persoal o dereito á igualdade de mulleres e homes en todos os aspectos do emprego, incluídos a organización do traballo e as condicións laborais. Tamén recoñece o igual dereito á conciliación da vida persoal, familiar e laboral, así como á dignidade e seguridade no traballo.

Artigo 31. Ámbitos e medidas

Para desenvolver os dereitos enunciados no artigo anterior, o goberno municipal tomará todas as medidas legais oportunas, incluídas accións positivas diferenciadoras, en ámbitos de actuación diversos. O compromiso abarca, polo menos, as seguintes actuacións:

- a) Políticas e procedementos relativos ao emprego no seo do concello e de empresas subministradoras de servizos, co fin de tratar as desigualdades nun prazo apropiado, cubrindo, entre outros aspectos:
 - a) A igualdade de salarios, incluíndo un salario igual para un traballo de valor equivalente.
 - b) Disposicións que permitan a revisión de salarios e remuneracións, modalidades de pago e de xubilación.
 - c) Medidas para garantir de xeito equitativo e transparente a promoción e as oportunidades do desenvolvemento da carreira.
 - d) Medidas para asegurar unha representación equilibrada de mulleres e homes en todos os niveis, en especial para corrixir calquera desequilibrio nos niveis superiores e de dirección.
 - e) Medidas para suprimir a segregación profesional baseada no xénero e para animar ao persoal a solicitar e ocupar postos non tradicionais.
 - f) Medidas para asegurar unha contratación equitativa.
 - g) Medidas para asegurar condicións de traballo axeitadas e sen perigo para a saúde.
 - h) Procedementos de consulta ás persoas empregadas e sindicatos, asegurando unha participación equilibrada de mulleres e homes nos organismos consultivos e de negociación.
- b) A adopción de medidas fronte ao acoso sexual e o acoso sexista
- c) O impulso da conciliación persoal, familiar e laboral por medio de:
 - i) A introdución de políticas que permitan adaptacións do horario de traballo á atención de persoas dependentes de empregados e empregadas.
 - j) Fomento de medidas que contribúan á equiparación de permisos de maternidade e paternidade.
- d) A adopción de medidas que promovan a corresponsabilidade dos homes, a



través de accións específicas.

CAPÍTULO XII – CONCURSOS E CONTRATOS PÚBLICOS

Artigo 32. Disposición xeral

1. O concello promoverá, na súa contratación pública, a igualdade de mulleres e homes.
2. O concello comprométese a ditar, no prazo de tres meses a partir da entrada en vigor da presente ordenanza, instrucións para a incorporación de criterios de igualdade de mulleres e homes nos pregos de condicións, cláusulas administrativas e prescricións técnicas de contratación do concello dirixidas a todas aquelas persoas que, ostentando responsabilidades de goberno, directivas ou técnicas, promoven e/ou interveñen nos procedementos de contratación do concello.
3. Sen prexuízo doutras medidas, o concello garantirá que a persoa xurídica que resulte adxudicataria do contrato estea obrigada a asegurar a promoción da igualdade de mulleres e homes exactamente como o faría o propio concello no caso de prestar o servizo.

CAPÍTULO XIII – CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS

Artigo 33. Prohibición

O concello non outorgará ningún tipo de axuda ou subvención para ningunha actividade que sexa discriminatoria por razón de sexo, nin tampouco a aquelas persoas físicas ou xurídicas que foran sancionadas administrativa ou pola vía penal por incorrer en discriminación por razón de xénero, durante o período imposto na correspondente sanción.

Artigo 34. Condicións

Á hora de adxudicar subvencións a asociacións, organizacións ou colectivos petitionarios incluírase como criterio de valoración o compromiso de estas coa igualdade de mulleres e homes, tanto no referente á composición da súa directiva coma en relación ás actividades que pretenden desenvolver.

CAPÍTULO XIV – MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Artigo 35. Disposición xeral

1. A corporación municipal non concederá subvencións a ningún medio de comunicación social que no desempeño da súa labor comunicativa non se comprometa co obxectivo da igualdade.
2. O compromiso dos medios afectará, polo menos, aos seguintes aspectos:
 - e) Facer un uso non sexista da linguaxe.
 - f) Garantir no medio a participación activa das mulleres, ademais de unha presenza equilibrada e unha imaxe plural de ambos sexos á marxe de canons de beleza e de estereotipos sexistas sobre as funcións que desempeñan nos diferentes ámbitos da vida.
 - g) Garantir a difusión das actividades políticas, sociais, deportivas e/ou culturais promovidas por mulleres ou dirixidas a mulleres, así como aquelas que favorezan o seu empoderamento.



CAPÍTULO XV – SERVIZOS SOCIAIS, COIDADOS E CORRESPONSABILIDADE

Artigo 36. Disposición xeral

1. O concello prestará as axudas e os servizos necesarios a mulleres e homes no municipio, recoñecendo as diferenzas relativas ao xénero e ás desigualdades procedentes das relacións de xénero. Deste modo, adecuaranse os recursos ás diferentes situacións de mulleres e homes, especialmente familias monoparentais así como outros colectivos desfavorecidos.

2. Tendo en conta tamén a importancia da labor do coidado na vida económica e social do concello, a prestación das axudas e servizos sociais por parte do concello estará entre as súas prioridades cando estean destinadas a cubrir tarefas de coidado de menores e outras persoas dependentes, fomentando en todo caso a corresponsabilidade de mulleres e home en tales tarefas.

Artigo 37. Actuacións

Para garantir as prestacións consideradas no artigo anterior, o goberno local encargárase de:

- a) Sensibilizar á poboación para eliminar os estereotipos de xénero segundo os cales o coidado e garda de menores, maiores ou outras persoas dependentes serían unha responsabilidade principal das mulleres.
- b) Incorporar a perspectiva de xénero na planificación, a financiación e a concesión de axudas, servizos e sistemas de coidado necesarios, a fin de corrixir a especial suxeición que aínda hoxe representan as tarefas relacionadas co coidado para as mulleres.
- c) Subministrar sistemas de coidado de calidade que dean cobertura ás necesidades de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, directamente ou a través doutros axentes locais.
- d) Facilitar apoio e promover oportunidades para as mulleres en situación de illamento social con motivo das responsabilidades que lles son atribuídas polo seu xénero nas labores de coidado.
- e) Priorizar no acceso aos recursos de servizos sociais a mulleres en situación de desvantaxe social ou risco de exclusión: mulleres soas con cargas familiares non compartidas, mulleres en situación de desemprego de longa duración, vítimas de violencia de xénero, mulleres que exercen a prostitución ou vítimas da trata con fins de explotación sexual, mulleres inmigrantes ou retornadas, mulleres que padecen adiccións ou enfermidades mentais,

CAPÍTULO XVI – COEDUCACIÓN E DEREITOS SEXUAIS

Artigo 38. Coeducación

1. O concello de Barbadás, a través do Servizo de Igualdade, establecerá relación con entidades dedicadas á educación, a formación e socialización de persoas por consideralas especialmente relevantes na promoción e o impulso de valores, modelos e referentes máis igualitarios.

2. Será obxectivo prioritario do concello e, en concreto, do Servizo de Igualdade e do persoal político e técnico que o lidere, manter un contacto permanente e fluído coa comunidade escolar local (profesorado, nais e pais, alumnado, ...) e outros órganos ou entidades formativas co obxectivo de detectar necesidades e traballar conxuntamente para o desenvolvemento dunha cultura de igualdade na localidade.

3. Igualmente, o Servizo de Igualdade, valorará a conveniencia de solicitar a súa



Concello de Barbadás

participación e integración nos foros escolares de diferente índole que poidan funcionar no municipio.

4. O concello, a través do Servizo de Igualdade, deseñará e porá en marcha iniciativas de colaboración con centros escolares e entidades formativas destinadas a promover valores relacionados coa igualdade.

5. Toda campaña de sensibilización para a igualdade terá un tratamento e difusión específicos nos centros escolares e/ou entidades formativas locais.

Artigo 39. Respecto á opción sexual e a diversidade da identidade de xénero

1. O concello de Barbadás recoñece a diversidade en canto á orientación sexual e a diversidade da identidade de xénero. Tamén, recoñece que as persoas poden asociarse a través de relacións non heterosexuais e xerar modelos de familias alternativos. Por todo isto, recoñece tamén que non debe presupoñerse a heterosexualidade de toda a cidadanía do municipio, e que as autodefinicións da identidade de xénero poder ser autoxestionadas polos corpos libremente. Por último, constata que lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais viven unha discriminación específica por saírse dos parámetros da heteronormatividade.

2. É por isto que se compromete a:

- a) Sensibilizar, a través de campañas ou outros medios, na liberdade e na diversidade das relacións afectivosexuais, nas relacións de reprodución e de identidade de xénero.
- b) Poñer en marcha ferramentas e medidas específicas que combatan a discriminación que sofre o colectivo LGTBI.

CAPÍTULO XVII – EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL EQUITATIVO

Artigo 40. Emprego e actividade económica

1. O concello de Barbadás establecerá relacións permanentes e fluídas co conxunto de axentes locais implicados no fomento da actividade económica e empresarial local de cara a traballar na mellora das condicións das mulleres en dito ámbito.

2. O concello promoverá e colaborará no deseño de actividades e/ou programas enfocados á inserción laboral das mulleres (incluíndo formación, información, orientación e apoio ao emprendemento), sendo obxectivo de especial atención e priorizando ás mulleres en situación de exclusión social ou en risco.

3. Na súa relación cos centros escolares e entidades formativas locais, o concello promoverá accións e/ou programas destinados a impulsar unha orientación académica que rompa cos estereotipos de xénero vixentes en función dos cales, mozas e mozos decántanse por aqueles estudos tradicionalmente asignados ao seu xénero, contribuíndo a reproducir estereotipos que manteñen ás mulleres nunha situación de desvantaxe no mercado laboral e na esfera económica no seu conxunto.

4. O concello asume o seu compromiso de dar a coñecer, visibilizar, dotar de relevancia e difundir o papel das mulleres no desenvolvemento local, non só no presente, senón tamén ó longo da historia do municipio. Para isto, o Servizo de Igualdade promoverá acción e/ou programas orientados a investigar e diagnosticar desde prismas diversos o papel das mulleres no ámbito socioeconómico e laboral.

5. O concello contribuirá á configuración dunha cultura e dunhas prácticas empresariais que teñan en conta a igualdade entre mulleres e homes como un elemento de calidade, así como a favorecer a incorporación das mulleres por conta propia e allea no mercado laboral: informando sobre as vantaxes e beneficios da implementación dos plans de igualdade nas empresas, traballando cos axentes económicos locais sobre a eliminación de determinados estereotipos en canto as capacidades de mulleres e homes nas distintas ocupacións, a dispoñibilidade ou o



absentismo, mostrando boas prácticas que rompan a segregación laboral, ...

CAPÍTULO XVIII – DEPORTE, SAÚDE, CULTURA E MEDIO AMBIENTE

Artigo 41. Práctica deportiva e hábitos saudables

1. O concello de Barbadás impulsará a cooperación cos diferentes axentes do ámbito deportivo de cara a acadar o compromiso orientado á promoción da práctica deportiva feminina en calquera das súas disciplinas ou modalidades, tipoloxías (profesional ou afeccionado) e/ou grupos de idade.
2. Tamén promoverá o equilibrio na presenza de mulleres e homes non só na práctica deportiva senón tamén nos ámbitos de xestión e decisión vinculados á mesma (clubs, asociacións, ...)
3. O concello dedicará un programa ao fomento da práctica deportiva e/ou distintos hábitos saudables orientado especialmente á poboación feminina.
4. O concello asegurará unha oferta deportiva diversa que conteña actividades lúdico-deportivas dirixidas a rachar cos estereotipos que asignan a mulleres e homes en prácticas deportivas distintas en función de supostas habilidades e atributos diferenciados por sexos. Igualmente, animará ao resto de axentes deportivos locais a favor da diversificación do deporte.
5. Os premios, recompensas, recoñecementos ou subvencións concedidas polo concello a deportistas individuais ou clubs deportivos manterán un equilibrio entre o número de mulleres e homes que se beneficien destes.
6. O concello evitará o uso de imaxes estereotipadas que atenten contra a imaxe dos e das deportistas.

Artigo 42. Saúde

1. O concello de Barbadás comprométese a investigar e visibilizar os problemas de saúde que sofren as mulleres do municipio froito das tarefas e obrigacións que lles asigna o sistema de xénero (fundamentalmente tarefas e obrigacións vinculadas ao ámbito doméstico e o coidado de persoas).
2. O concello promoverá accións e/ou programas que axuden ás mulleres do concello a converterse en parte activa e ser protagonistas da súa saúde, participando na elaboración de propostas orientadas a acadar o seu benestar e promovendo actividades que repercutan no seu bo estado de ánimo e saúde mental traballando cuestións de autoestima.
3. O concello promoverá accións e/ou programas destinados á educación sexual da mocidade local que incidan na necesidade de vivir unha sexualidade satisfactoria, libre de estereotipos e prexuízos, e guiada polas decisións libres de cada persoa como responsable e dona do seu corpo e da súa sexualidade.

Artigo 43. Cultura

1. O concello de Barbadás programará a axenda cultural dende un prisma de xénero e adoptará as medidas oportunas para emendar progresivamente os posibles déficits detectados en relación á participación das mulleres na esfera cultural, tanto no relativo á creación, á exhibición ou difusión, como ao consumo.
2. Por iso, a efectos de equilibrar a tendencia actual, facilitará os medios axeitados e accesibles ás mulleres en orde a promocionar a súa implicación na produción artística e creativa, mentres que, no caso dos homes, impulsará a súa participación no consumo de actividades culturais.
3. Velará tamén porque os distintos contidos programados no marco da súa política cultural estean exentos de mensaxes e/ou imaxes sexistas.
4. O concello ampliará a oferta da biblioteca municipal cunha sección específica de literatura feminista con títulos enfocados ao público infantil, á mocidade e ás persoas



adultas.

Artigo 44. Memoria local

O concello de Barbadás recoñece que a memoria local é un elemento fundamental articulador de identidade. Por isto, a través do Servizo de Igualdade, fomentará a posta en marcha de iniciativas que aseguren a visibilización e o recoñecemento do traballo realizado polas mulleres na historia e o desenvolvemento do municipio, promovendo de forma específica a presenza de mulleres en distintos elementos destinados á conservación e difusión da memoria histórica local: rúas, parques, prazas, edificios, monumentos e outros elementos simbólicos,....

Artigo 45. Medio ambiente

1. O concello, no referente o desenvolvemento das súas políticas e servizos medioambientais, terá en igual consideración as necesidades específicas ligadas ás modalidades de vida de mulleres e homes e o principio de solidariedade entre xeracións.

2. Sensibilizará á poboación acerca da importancia de manter unas pautas de consumo sostible, tendo en conta que a realidade de mulleres e homes é diferente e que, polo tanto, deben utilizarse as mensaxes, formatos e canais de difusión axeitados para cada caso.

3. No caso das actuacións de sensibilización en torno ó consumo de auga, enerxía e xeración e xestión de residuos nos domicilios, o concello fomentará a corresponsabilidade en relación ás tarefas domésticas ligadas a este tipo de consumos.

4. En calquera campaña de sensibilización medioambiental, o concello evitará todo tipo de linguaxe e/ou imaxes sexistas.

CAPÍTULO XIX – VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Artigo 46. Concepto

Enténdese por violencia contra as mulleres, calquera acto violento por razón do sexo do que resulte, ou poida resultar, un dano físico, sexual ou psicolóxico para a muller, incluíndo as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade tanto se se producen no ámbito público como no ámbito privado.

Artigo 47. Marco xeral de actuación e marco legislativo

Para abordar o problema da violencia contra as mulleres, o concello de Barbadás comprométese a cumprir cun celo especial as obrigas que, no ámbito das súas competencias, sexan previstas na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres y homes, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, Lei do parlamento de Galicia para a igualdade de mulleres e homes, e sobre todo na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra la violencia de xénero.

Artigo 48. Adaptación das medidas: O protocolo de actuación municipal

1. Co fin de erradicar a violencia contra as mulleres, o goberno municipal, coa colaboración de outras institucións, procederá á adaptación ó ámbito local das medidas de investigación, prevención e sensibilización, formación e atención e protección ás vítimas a través do Protocolo municipal para a prevención, detección e actuación ante casos de violencia de xénero.

2. Os/As axentes implicados/as no desenvolvemento do Protocolo municipal de actuación manterán reunións periódicas para o estudo das medidas recollidas no documento e o seguimento das actuacións levadas a cabo, así como para a avaliación das mesmas e modificación se procede. Ditas reunións serán con carácter



ordinario semestrais, podéndose establecer reunións extraordinarias de ser preciso.

3. A coordinación do Protocolo municipal de actuación, e a convocatoria das reunións de seguimento dependerán do Servizo de Igualdade.

Artigo 49. Investigación

O concello apoiará activamente e promoverá investigacións para coñecer como se manifesta a violencia contra as mulleres no municipio e o número de mulleres afectadas, así como as formas de mellora desta situación, analizarase tamén como son reforzados os comportamentos machistas para implementar políticas dirixidas a súa corrección e erradicación.

Artigo 50. Prevención e sensibilización

O concello de Barbadás levará a cabo individualmente ou en colaboración con outras institucións campañas de sensibilización acerca desta realidade dirixidas a toda a poboación, así como accións dirixidas ás mulleres para que este tipo de violencia sexa recoñecida e desvelada como un primeiro paso para poder actuar contra esta.

Artigo 51. Formación

1. O concello comprométese a formar ao persoal en relación á violencia contra as mulleres. Especialmente ao persoal que se dedique a asistencia de mulleres pero tamén a aquelas/es que se dediquen a implementar políticas dirixidas a diferentes sectores como mocidade, persoas maiores, persoas con diversidade funcional e outras, para que as políticas de información e prevención da violencia contra as mulleres sexan levadas a cabo de xeito transversal.

2. Nas actividades dirixidas ás mulleres do concello, programaranse actividades formativas orientadas de xeito transversal coa finalidade de que as mulleres coñezan como se manifesta a violencia contra as mulleres, que formas hai de recoñecela e de facer fronte a este tipo de violencia.

Artigo 52. Dereito das vítimas a unha atención integral e coordinada

1. As mulleres vítimas de violencia pola súa condición de mulleres teñen dereito a recibir asistencia de xeito integral e personalizado, de modo que se aborden as diferentes necesidades derivadas da situación de violencia e se lles facilite ou derive aos recursos máis idóneos en función das circunstancias persoais ou sociais que concorran en cada caso.

2. A actuación municipal fronte á violencia contra as mulleres, especialmente, as dirixidas a asistencia á vítima deberán:

- a) Garantir a igualdade, sen que caiba discriminación por razón de estado civil, orientación sexual, idade, crenza ou ideoloxía, pertenza a unha minoría étnica, nacional ou lingüística, nivel económico, así como por razón de discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou calquera outra condición persoal ou social. Adoptaranse as medidas necesarias para que teñan garantido o exercicio efectivo dos seus dereitos as vítimas cuxas circunstancias persoais e sociais supoñan unha maior dificultade para o acceso integral á asistencia e, en especial, as mulleres con discapacidade e as mulleres inmigrantes, con independencia da súa situación administrativa.
- b) Favorecer a autonomía persoal das mulleres vítimas e un modo de vida normalizado.
- c) Garantir a defensa do interese das persoas menores de idade.
- d) Actuar de xeito eficaz e áxil co fin de actuar coa inmediatez requirida pola urxencia propia destas situacións.
- e) Evitar ao máximo a vitimización secundaria, reducindo ao mínimo as molestias das vítimas ocasionadas polas intervencións de diferentes profesionais e institucións.

3. Ademais, esta atención realizarase de xeito coordinado con todos o servizos municipais que estean implicados, así como coas demais institucións e recursos que



Concello de Barbadás

contribúan á recuperación da muller de maneira adecuada e integral.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derogadas todas as normas con igual ou inferior rango no que se opoñan ao disposto nesta Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL – Entrada en vigor

A Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Barbadás, 30 de xaneiro de 2018

O Alcalde

Xosé Carlos Valcárcel Doval